

# XA ABONDA DE RECORTES!



**Confederación Intersindical Galega**  
**Secretaría Confederal da Muller**

Alfonso Molina s/n, 8ª planta Edificio sindical  
15008 A Coruña

Teléfonos: 981 16 92 93 - 981 90 06 33

Fax: 981 15 15 39

Correos:

muller.mocidade@galizacig.net

tecnica.igualdade@galizacig.net

## RETROCEDER EN DEREITOS NON NOS FAI AVANZAR

  
*Secretaría da muller*

  
Confederación Intersindical Galega  
[www.galizacig.com](http://www.galizacig.com)

8 DE MARZO  
día internacional  
da muller traballadora

  
*Secretaría da muller*

  
Confederación Intersindical Galega  
[www.galizacig.com](http://www.galizacig.com)

# Xa abonda de recortes!

## Retroceder en dereitos non nos fai avanzar

**S**e ben é certo que o 8 de Marzo é unha data consolidada en todo o mundo, tanto dentro do movemento feminista como nas propias institucións públicas, aínda queda moito camiño por percorrer para acadar unha igualdade real.

Nesta data son numerosos os actos públicos, homenaxes, xornadas de debate, etc., que nos amosan que aínda seguen vixentes reivindicacións históricas das mulleres. Reivindicacións como acadar unha igualdade salarial, implementar medidas eficaces para rematar coa lacra da violencia de xénero, rematar coa discriminación laboral, recoñecer o valor do traballo non remunerado ou invisíbel das mulleres, despenalizar o exercicio da maternidade e avanzar na conciliación da vida familiar, laboral e persoal.

A pesar do cambio de mentalidade e actitude das mulleres e dos homes respecto a elas, da igualdade legal recoñecida e asumida por parte dos poderes públicos, da incorporación da perspectiva de xénero nas políticas públicas e na negociación colectiva, o certo é que as mulleres estamos asistindo a un retroceso dos nosos dereitos e liberdades.

Baixo o pretexto da situación de crise económica mundial, as distintas administracións e gobernos están a decretar recortes no desenvolvemento do estado de benestar, en áreas que deberían estar garantidas: pensións de xubilación dignas, un ensino e sanidade públicas de calidade, medidas de fomento do emprego feminino, axudas destinadas á dependencia e políticas de estímulo á natalidade.

Así, tanto o PP en Galiza como o PSOE no Estado, no canto de evitar que a pobreza redunde nos colectivos máis castigados, en vez de protexelos aínda máis en tempos de crise, dan prioridade a dar respostas ás demandas da patronal e a banca.

Comezamos o ano cunha folga xeral en Galiza, na que a nosa central sindical saíu á rúa unha vez máis, en defensa das pensións e do emprego, tal como fixeramos o pasado ano, para denunciar as regresivas medidas propostas polo goberno do PSOE. Finalmente, aprobouse unha reforma das pensións pactada entre o goberno e a patronal, coa complicidade de CCOO e UGT, que agravará a feminización da pobreza e dificultará aínda máis que as mulleres poidan acceder a pensións dignas. Atrasar a idade de xubilación e alongar o período para o cálculo de pensións, dificulta o acceso e reduce a contía, xa que as mulleres cotizan menos anos por mor da precariedade laboral (temporalidade, contratos parciais e por horas, traballo non remunerado, longos períodos de inactividade ate que acadan contratos estábeis, etc.), ou ben por interrupcións ou diminucións da cotización, derivadas do exercicio da maternidade e conciliación (excedencias, reducións de xornada, etc.).

Pero malia aparente oposición do PP a estas medidas, este non parece tomar un rumbo diferente e mantén unha actitude servil aos poderes da patronal e da gran banca, levando a cabo a aprobación de ERES fraudulentos que deixan na rúa a miles de traballadoras e traballadores. Esta postura adoptada polo Goberno galego, está castigando a sectores tan feminizados como o téxtil ou o telemárketing, e sempre coa escusa da situación actual de crise. Non hai máis que ver os últimos datos do paro, rematabamos o mes de xaneiro cun total de 130.133 mulleres e 115.698 homes parados, o que supuxo un aumento con respecto ao mes de decembro de 4.061 mulleres e 4.457 homes parados.

Desde a chegada do PP á Xunta de Galiza, suprimiron organismos como o Servizo Galego de Igualdade, amparándose en motivos de aforro

orxamentario, obviando que a súa supresión supón unha perda de poder, de autonomía e relevancia na toma de decisións e que con el desaparece a visibilización das políticas de igualdade.

Máis non foi o único servizo que foi suprimido ou sufriu recortes orxamentarios; os cartos destinados ás políticas de igualdade tamén se foron reducindo, de tal xeito que podemos afirmar que na práctica estas están desaparecendo. Así, o orzamento destinado ás Accións para a igualdade, protección e promoción das mulleres, pasou de 32 millóns no ano 2009 a 8,3 no ano 2010 para ficar finalmente en apenas 6,7 millóns nos orzamentos deste ano. O Programa de Apoio á conciliación da vida familiar e laboral pasou de 5 millóns no ano 2009 a 1 millón no ano 2010 e finalmente nos orzamentos do 2011 reduciuse até 0,9 millóns. E non tiveron reparos en reducir tamén o Programa de apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero, o cal pasou de 3,3 millóns no ano 2010 a 2,8 millóns no ano 2011, caendo un 17,8%.

Estamos, pois, ante un goberno que, cos seus recortes, vai conseguir que as mulleres volvan ao fogar e reforcen ou retomen o seu rol tradicional de nais e coidadoras da familia, porque este modelo capitalista imperante precisa para a súa supervivencia, neste momento de cri-

se, que as mulleres se retiren do mercado laboral e sosteñan a economía doméstica.

É obvio que, pese a interiorización do 8 de Marzo como data de reivindicación por parte dos distintos gobernos e administracións públicas, o certo é que as mulleres seguimos a ser as vítimas do poder e do control do patriarcado que se ve amparado polas distintas institucións, tanto eclesiásticas como políticas, que o manteñen. Mentres publicitan a través de campañas mediáticas a súa loita contra a desigualdade e a discriminación, recortan os recursos destinados a acabar con ela, desmantelando na práctica as políticas de igualdade e de benestar, de xeito que as mulleres rematan asumindo as cargas dun sistema que debería asegurarse e afianzarse en tempos de crise.

Por iso, neste 8 de Marzo, con máis intensidade ca nunca, as mulleres que formamos parte da Confederación Intersindical Galega facemos un chamamento a toda a nosa afiliación, e á sociedade en xeral, para que se mobilice conosco e manifeste o seu máximo rexeitamento a este pacto social que está a enmascarar unha situación de subordinación das clases populares ao poder. Debemos sublevarnos fronte a esta inxustiza, e desenmascarar os verdadeiros motivos que están detrás deste grave recorte contra os nosos dereitos.

**Por iso proclamamos XA ABONDA DE RECORTES!  
RETROCEDER EN DEREITOS NON NOS FAI AVANZAR!**

**Que non nos calen! Fagámonos ver!**

**Participa coa CIG nos actos convocados  
para conmemorar o 8 de Marzo na túa comarca!**

8 de marzo:  
Día Internacional da muller traballadora

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA

